
O INIMIGO COÑECE O SISTEMA

Texto de MARTA PEIRANO

Tradución de ANTÍA VERES

Ilustración de cuberta de SONIA PULIDO

Encadernación rústica. 13,5 x 20 cm. 344 páx. 17 €.

ISBN 978-84-16721-55-9. Ágora K.


A tecnoloxía que mantén Internet en funcionamento non é neutral, igual que tampouco o é a que atopamos ou instalamos nos nosos teléfonos móbiles. Na última década, todas evolucionaron dun xeito premeditado, cun propósito moi específico: manterte cos ollos pegados á pantalla durante o maior tempo posible, sen que nunca acades o punto de saturación. Son capaces de facer calquera cousa con tal de que sigas lendo titulares, premendo sobre ligazóns, engadindo favoritos...

A rede non é libre, nin democrática. Ese conxunto de servidores en sitios remotos, antenas, routers e cables de fibra óptica está controlado por cada vez menos empresas. Internet é a infraestrutura máis grande xamais construída, o sistema que define todos os aspectos desta sociedade dixitalizada. Sen embargo, é secreta; os seus algoritmos son opacos, as súas microdecisións non se poden rastrexar. Os centros de poder que almacenan e procesan a información están ocultos, camuflados por criptografía; a súa linguaxe está deseñada para confundir a idea que temos dela. O inimigo coñece o sistema, pero nós non.

Este libro, moi documentado e de lectura áxil, é unha achega para entender por que o instrumento máis democratizador da historia volveuse -sen que apenas nos decatemos- unha máquina de vixilancia absoluta e de manipulación de masas ao servizo de multinacionais, potencias imperialistas e réximes autoritarios. O máis perigoso desa espionaxe é que, nunha situación de crise, chegue a utilizarse para decidir quen ten dereito a estar nun lugar, ou mesmo existir. Satélites, recoñecemento facial, xeolocalización... é practicamente imposible eludir ese control nun mundo cada vez máis pequeno, imprevisible e con recursos limitados.

Mentres, vivimos nunha distopía, de costas ao que hai alén da capa superficial da realidade que se nos amosa, ignorando como e para que somos vixiados. Obviamos que os avances agochan máis dominación: da nosa idílica relación con webs, redes sociais, teléfonos móbiles, aplicacións, programas e arquivos multimedia -ciscando un volume incalculable de metadatos- nútrese a economía da atención, o capitalismo das plataformas.

Só a través da toma de conciencia seremos quen de converter Internet no que a sociedade precisa: unha ferramenta para xestionar as novas transformacións do xeito máis xusto posible, nun contexto onde o verdaderamente importante é a crise climática.



-
- **Temática:** ensaio sobre a vixilancia e o control que exerce Internet sobre os usuarios.
 - **Idade recomendada:** adultos.
 - **Aspectos destacables:** tecnoloxía, comunicación, sociedade da información, crise democrática, economía e capitalismo, crise climática.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-inimigo-conhece-o-sistema-g>
-

Marta Peirano

(Madrid, 1975)

Xornalista e escritora, é especialista en cultura libre, tecnoloxía, arte dixital, criptografía, dereitos e liberdades na rede. Foi fundadora de CryptoParty Berlín, sobre seguridade e privacidade en Internet, e do colectivo Elástico, co que en 2005 impulsou o proxecto Copyfight. Foi xefa adxunta en eldiario.es, directora de cultura en ADN e colaborou en JotDown, Muy Interesante e Consumer. Dende 2009 publicou varios libros, tanto propios como en colaboración con outros autores.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
